

## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>		<b>Data:</b>		<b>Nivel:</b>	<b>CELGA 4</b>
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>					
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>			<b>Nacionalidade:</b>		
<b>Data de nacemento:</b>	___ / ___ / _____		<b>Sexo:</b>	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>
<b>Lugar de nacemento:</b>	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
<b>Lugar de residencia:</b>	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
<b>Tipo de estudos cursados:</b>	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



# Celga



# 4






## Proba A1

Vostede é membro de AEGA, a Asociación da Ecoloxía de Galicia. Con motivo da elaboración dunha publicación sobre o medio natural en Europa, pedíronlle que colaborase cun texto sobre os “Modelos ecolóxicos europeos”. Logo de ver o vídeo sobre o modelo de Suecia, redacte un **texto informativo** no que, en **400 palabras**, ten que:

- Explicar como é o modelo ecolóxico sueco.
- Comparar o modelo sueco coa situación galega.
- Salientar a utilidade dalgunha das estratexias suecas que poidan ser trasladadas á realidade galega.
- Propoñer algunha medida ecolóxica de ámbito doméstico ou industrial diferente das mencionadas para levar a cabo en Galicia.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section of the exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section of the exam.

## Proba A2

Vostede traballa no Brasil e, aproveitando a súa estadía, envía mensualmente un artigo para un xornal galego sobre a actualidade brasileira. Recibe dun amigo unha mensaxe con información acerca dun conflito pola instalación dun almacén de residuos nucleares. Tras ler a información que se achega, ten que elaborar un **artigo de 400 palabras** a partir dos seguintes aspectos:

- Presentar a situación.
- Explicar quen son as persoas que interveñen como testemuñas.
- Sintetizar as diferentes posturas e os razoamentos presentados.
- Posicionarse a favor dalgunha das posturas e argumentar a súa decisión.

Ola:

Envíoches a información que me pediches acerca do municipio de Vila Nova de Mantena no Brasil. Son os testemuños que recollín e que che transcribo e traduzo no documento que vai adxunto.

Veña, bo traballo e calquera cousa, aquí estou.

Abur,

Ariel

### DOCUMENTO ADXUNTO:

**Ana Cardoso (alcaldesa de Vila Nova de Mantena).** “Non podemos quedar á marxe das oportunidades que isto trae para o noso municipio. Hoxe en día está garantida a seguridade e non podemos andar con crenzas do pasado, baseadas máis en tópicos ca en evidencias científicas. O estudo que fixemos indícanos que a instalación do almacén reportará un incremento dun 25% de ocupación laboral para a xente que habita no municipio. Non se pode esquecer a cantidade de poboación que emigrou a outras partes do Brasil e ata a outros países, e agora non poden pedirnos que deixemos pasar esta ocasión. Paréceme dunha frivolidade e dunha insolidariedade inaceptables. Xa sei que o meu partido político está en contra, pero eles miran polos seus intereses, polos seus postos no Parlamento, no Senado. Eu miro polos meus veciños, por quen me votou e, se deciden expulsarme, pois, adiante. Non teño problemas nese sentido. Da oposición, nin me ocupo.”

**Carlos Rocha (activista).** “É un disparate. Estase a enganar, estase a mentir, estanse a ocultar datos. Quero saber os intereses empresariais e persoais que hai detrás, están a utilizar o emprego como cenoria para atraer e gañar os veciños. Non é certo que un almacén de residuos destas características non implique riscos. Tenos, e ademais moitos, como está acreditado. A nosa asociación Verde do Brasil traballou todos estes anos en actividades de sensibilización ecolóxica e unha delas céntrase na divulgación dos riscos da enerxía nuclear: o perigo da radioactividade, a posibilidade de fugas con risco de contaminación por moitos anos... En fin, son varias as razóns que nos levan a opoñernos a iniciativas deste tipo. Por iso, imos iniciar unha campaña dentro do municipio para darlle a coñecer á xente as consecuencias da instalación do almacén e os escuros motivos que están detrás. E se a cousa segue adiante, estamos xa a pensar en concentracións e en iniciativas máis intensas.”


**Reginaldo Soares (veciño).** “Non din que hai que acabar coa contaminación e deter o cambio climático? Pois aquí teñen a solución, xa que é a enerxía máis limpa e segura que existe. Traballei moitos anos en Alemaña, nunha zona que almacenaba residuos tóxicos e onde a xente vivía tan tranquila. Non se orixinou esta revolta. E moito me arrepinto de volver. Agora vivo como podo de vender refrescos na praia e teño tres fillos novos desempregados que van tirando con traballos precarios e viven como poden. Non, non pode ser. Xa é hora de que deixemos de facerlles caso a minorías que viven ben e fan ideoloxía barata e de mirármonos no espello de países prósperos. O noso serao algún día, pero para iso temos que perderlle o medo ao progreso.”

**Regina Branco (veciña).** “Unha traxedia. Iso é o que eu penso. Agora somos un atractivo turístico, persoas que aínda buscan as nosas praias e, mal que ben, fomos andando con iso. Que será da miña familia que é propietaria dun hotel pequeniño? Se traen o almacén para o municipio, acabárase a demanda hostaleira, de restaurantes, de apartamentos para alugar e comprar... Eu coido que máis ca unha oportunidade económica o único que nos trae é a ruína económica. Por non falar da seguridade, da saúde, de saber que vives nunha polvoreira que se estala condicionará a vida de xeracións futuras, e non só deste municipio, senón de todo o estado. Xa falamos cos activistas que nos están a axudar nas protestas e, como isto siga adiante, imos montar unha boa. Non se poden permitir máis aldraxes. Toda a vida a resignarse e a aceptar os desenhos duns dirixentes que só pensan neles e nos beneficios máis inmediatos.”

**Hugo Nascimento (líder da oposición).** “Non se pode tolerar. Primeiro pola actitude autoritaria e carente de diálogo. Unha iniciativa tan sensible coma esta non se pode aprobar sen consenso, só por maioría simple, sen avisar nin dialogar con ningún dos partidos da oposición. Pero non me sorprende, xa que é a forma de actuar durante todo o tempo que leva no cargo. Agora ben, obviamente, isto non é o máis importante. Oxalá todo se reducise a unha loita entre partidos políticos. O grave é a proposta en si. De feito, temos unha plataforma política que integra tamén responsables do partido político da alcaldesa, o gobernador do estado incluído, que entenden que non se pode deixar levar adiante isto, por moito aval que teña do goberno central. Porque o que está en xogo aquí xa non é só o noso municipio, senón toda a rexión. Adeus ao turismo como actividade produtiva, adeus á tranquilidade en seguridade e adeus ao crecemento sostible e á protección do contorno. Non quero nin pensar o que pode ser, chegado o caso, do parque natural de Itiaca e a súa lagoa, con residuos deste tipo tan preto. Polo noso lado, dentro dos límites legais, claro, imos facer todo o posible para que isto non vaia adiante.”

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.